

A CORUÑA, OURENSE E VIGO ACOLLERON MOBILIZACIÓNS PARA DENUNCIAR QUE SE ESTÁ A XOGAR COS DEREITOS DA XENTE

O Parlamento debe estar ao servizo da xente, hai que aprobar o novo Real Decreto sen dilacións e tramitar e aprobar xa a redución da xornada

Redacción.- A Coruña, Ourense e Vigo mobilizáronse este domingo porque cos dereitos da xente non se xoga e porque non se pode dar nin un paso atrás e non se pode aceptar que se frivolicie co benestar da clase traballadora.

Estas mobilizacións, convocadas por UGT en todo o Estado, convertéronse nun berro en contra da antipolítica, xa que UGT considera que as persoas e os seus dereitos non poden ser reféns da loita partidista e dos intereses inmediatos dalgúns partidos políticos. Por diante da cidadanía non poden estar as estratexias políticas. Desde o Congreso dos Deputados non se pode seguir frivolisando co benestar da clase traballadora. Os dereitos das persoas non poden ser moeda de cambio nin obxecto de secuestro por parte dos grupos parlamentarios.

UGT manifesta que quere a revalorización das pensións pero isto non é suficiente, hai que garantilas e facelas sostibles, vía aumento de cotizacións. Hai que lembrar que custou moito chegar ao actual nivel de prestacións e acordar a súa sustentabilidade coa patronal. O Sindicato critica que o PP diga que apoia a subida das pensións pero non di nada de acompañar esta co incremento da súa recadación. Haberá intereses que buscan a quebra do sistema para poder privatizalo?

UGT insiste en que o Parlamento debe estar ao servizo da xente e lembra que a non convalidación do Real Decreto Lei 9/2024 puxo en risco medidas sociais fundamentais que afectan a milleiros de persoas: máis de 10 millóns de pensionistas, dous millóns de beneficiarios do IMV, o incremento das pensións mínimas entre un 6% e un 9% estaba tamén en perigo, as axudas ás vítimas da DANA e o volcán da Palma quedaban bloqueadas, a moratoria de desafuzamentos para as familias vulnerables víase paralizada, poñíase en cuestión o apoio ao transporte público para máis de 20 millóns de persoas. Non se pode permitir que todos estes dereitos sexan moeda de cambio nunha disputa estéril co falso argumento de se as medidas deben presentarse xuntas ou separadas.

Finalmente, o Goberno aprobou un novo Real Decreto Lei 1/2025 co paquete de medidas sociais que foran bloqueadas. Agora a responsabilidade está nos grupos parlamentarios que agora parece que si as apoiarán pero isto conseguiuase porque a cidadanía, os sindicatos e colectivos sociais alzamos a voz. Pero hai máis cuestións que van estar en xogo nos vindeiros meses, a tramitación no Congreso da redución da xornada a 37,5 horas ou a ausencia de orzamentos para o 2025 cunha prórroga parlamentaria dende 2023, o que está a afectar a un gran número de políticas públicas.



Por todo isto, UGT esixe responsabilidade e compromiso, que se aprrobe o novo Real Decreto Lei sen dilacións; que se ocupen das necesidades da xente e que non volvan a utilizar os seus dereitos como moeda de cambio, que nunca máis se poña en risco a protección social e que non se bloquee o funcionamento das institucións de xeito oportunista, evitando poñer en marcha medidas que precisan da aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado.

É NECESARIO PERSISTIR NA SENDA DE MELLORA CARA UNS EMPREGOS CON MAIOR REMUNERACIÓN E CUN TEMPO DE TRABALLO RAZOABLE

Este mes os datos de emprego e paro non son bos, como sucede en todos os meses de xaneiro, pero a tendencia de melloría do emprego no noso país, tanto cuantitativa como cualitativamente, é indubidable

Redacción. - Este martes publicáronse os datos de afiliación á Seguridade Social e de paro rexistrado do mes de xaneiro. Como sempre sucede neste período, rexistrouse unha diminución do número de afiliados e un aumento do desemprego como consecuencia do final da tempada do Nadal.

Nesta ocasión o paro rexistrado incrementouse en 2.482 persoas con respecto ao mes anterior. Ningún aumento do desemprego é positivo, con todo, hai que destacar que é o menor dato de desemprego nun mes de xaneiro en Galicia na serie histórica. Con iso, alcanzouse un total de 121.320 persoas paradas, sendo o dato máis baixo para un mes de xaneiro desde 1996. Con respecto ao mesmo mes do ano anterior o paro reduciuse en 9.781 persoas. No que respecta á afiliación, o descenso mensual cifrase en 12.483 persoas, co que o total de persoas afiliadas á Seguridade Social sitúase en 1.067.089. Se o comparamos con xaneiro de 2024 hai 16.559 persoas máis afiliadas, un 1,58% máis.

Pola súa banda, o mercado laboral segue tendendo á estabilidade que impulsou a reforma laboral de 2021, de maneira que a taxa de temporalidade da afiliación á Seguridade Social en xaneiro foi do 13,87%. Esta taxa é 14 puntos menor que a que se rexistraba en xaneiro de 2021.

No que respecta á contratación, asináronse un total de 51.072 contratos, 1.731 menos que en xaneiro de 2024. Deles, 17.786 son indefinidos, o que implica que o 34,83% da contratación é indefinida, mentres que antes da reforma este valor roldaba o 10% dos contratos.

Todas estas cifras son indicativas da maior estabilidade do emprego introducida pola última reforma laboral, debido a que se rexistran menos contratos, pero estes son máis estables e de maior calidade ao reducirse os temporais e favorecer a figura do contrato indefinido.

A calidade do emprego, con todo, non se deriva só das condicións da contratación, senón que require de salarios xustos e suficientes. Neste sentido, España segue sendo un país de baixos salarios, aínda que a notable revalorización do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) nos últimos anos mellorou esta situación. Para este 2025, UGT e CCOO alcanzaron un preacordo co Goberno para subir o SMI un 4,4%, 50 euros máis ao mes, de maneira que se fixará en 1.184 euros mensuais (con 14 pagas), que se aplicará con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro. Agora, este aumento debe trasladarse de maneira plena ás em-



presas, sen que sexa absorbido pola eliminación de complementos salariais dos convenios. Con este incremento, desde 2018 o SMI aumentaría un 60%, cun importante efecto positivo sobre a redución da pobreza e a desigualdade.

Doutra banda, os empregos deben ser produtivos e desempeñarse nunha xornada razoable. Neste ámbito, a pesar de que a produtividade laboral descendeu permanentemente, a xornada laboral máxima mantívose invariable por máis de 40 anos. Neste 2025 é fundamental que se produza unha redución da xornada ata as 37,5 horas, como primeiro paso para lograr as 32 horas semanais. Ademais, para garantir o seu cumprimento é crucial implementar un rexistro horario que limite a realización de horas extraordinarias, así como garantir o seu pago cun 25% máis, tal e como UGT reclamou ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais.

En resumo, neste mes os datos de emprego e paro non son bos, como sucede en todos os meses de xaneiro, pero a tendencia de melloría do emprego no noso país, tanto cuantitativa como cualitativamente, é indubidable. Quedan, con todo, moitas melloras estruturais que realizar, para o que hai que persistir na senda de mellora cara uns empregos mellor remunerados e cun tempo de traballo razoable, que permita compatibilizar a actividade laboral cos coidados e o lecer, así como abordar o reforzamento das políticas activas de emprego para lograr reducir o desemprego de longa duración e mellorar a empregabilidade das persoas máis vulnerables.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos este martes, en Galicia o desemprego medrou en 2.482 persoas con respecto aos meses anteriores (2,1%), e no Estado esta cifra tamén subiu, un 1,51%, aínda que dun xeito menos acusado que en Galicia. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 9.781 persoas, un 7,5% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 121.320 persoas, mínimo histórico nun mes de decembro en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego tamén subiu, nun 2,67%, e no ano a diminución foi dun 3,98%.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego tamén subiu, nun 2,67%, e no ano a diminución foi dun 3,98%.

Por sexos, no mes o desemprego sube en ambos, un 1,1% entre os homes e no caso das mulleres nun 2,82%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 7,08% entre os homes e o 7,74% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 57,8% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 70.083 mulleres, fronte a 51.237 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes de xaneiro presenta diferentes comportamentos. Así, baixa na agricultura e gandería, nun 0,03%, e na construción, nun 0,40%. Pola contra, sube na industria, un 0,16%, no sector servizos, nun 2,87%, e entre o colectivo de sen emprego anterior, nun 0,56%. No ano baixa en todos. Así, diminúe un 12,80% no primario; o 10,53% na industria; o 12,47% na construción; o 6,91% no sector servizos; e o 2,52% entre o colectivo de sen emprego anterior.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 34,83%. Realizáronse en xaneiro un total de 51.072 contratos en Galicia. Antes da reforma laboral, no mes de xaneiro de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 10,3%. Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 73%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 33,2%; na industria, do 22,3%; e no primario, do 49,1%.

O PERSOAL SANITARIO E DE SEGURIDADE DEMANDA CENTROS DE TRABALLO SEGUROS

Tras a agresión a un enfermeiro e a un traballador de seguridade no HUAC, sucédense as mobilizacións nos centros sanitarios de toda Galicia

Redacción.- Este luns un enfermeiro e un traballador de seguridade foron vítimas dunha agresión por parte dun doente no Hospital Universitario da Coruña. Estas situacións estanse a repetir con demasiada frecuencia no eido sanitario e UGT reclama que se implementen as medidas necesarias para garantir unha contorna segura tanto para doentes como para profesionais.

A diario, tanto o persoal sanitario como os máis de 300 traballadores e traballadoras que se dedican a proporcionar a seguridade privada da rede do Sergas de Galicia están expostos a todo tipo de agresións, moitas delas cualificadas como graves.

As áreas de urxencias son as zonas máis problemáticas e onde se producen a maior parte destas situacións, como aconteceu no suceso deste luns. Non obstante, calquera área da rede sanitaria é susceptible de que se produzan este tipo de feitos, polo que urxe a adopción de medidas que, por outra banda, xa se veñen reclamando dende hai tempo.

Para denunciar todo isto, o pasado martes tivo lugar unha concentración ás portas de urxencias, no hospital da



Coruña, e estas mobilizacións sucedéronse ao longo da semana noutros centros da rede pública sanitaria galega.

UGT GALICIA E A FUNDACIÓN LUÍS TILVE SEGUEN TRABALLANDO POLA MEMORIA


Redacción.- Esta semana a Fundación Luís Tilve, entidade que xestiona o Patrimonio Histórico Documental de UGT de Galicia e traballa pola recuperación e difusión da historia da UGT e do movemento obreiro socialista en Galicia, participou, o sábado 1 de febreiro, no Seminario da Cadeira de Memoria Histórica da Universidade de A Coruña, no que se fixo balance das políticas de Memoria e das experiencias e actividades realizadas dende o movemento memorialista no último cuarto de século, así como as dificultades que se enfrontaron e as problemáticas cara o futuro.

Na xornada, que abriu o reitor da Universidade da Coruña, Ricardo Cao, participaron historiadores, como o director da Cátedra, Uxío-Breogán Diéguez, ou Bernardo Máiz, Aurora Marco, Carlos Díaz, Carlos Velasco, Carmela Sánchez, Víctor Santidrián, Xosé Álvarez, etc., así como representantes das principais asociacións memorialistas e fundacións, como a 10 de Marzo, a Moncho Reboiras ou a F. Luis Tilve, que estivo representada polo seu director, Guillermo Pérez, que expuxo os traballos realizados durante 35 anos, sendo a entidade máis antiga das presentes, e a máis profesionalizada, como manifestou algún dos relatores, facendo referencia ó seu Arquivo Histórico do Movemento Obreiro.

Ó longo do día abordáronse cuestións como o acceso ás fontes para a investigación nos arquivos, que sofren de abandono, falta de inversión e profesionais, ademais dun importante atraso na dixitalización en compara-

ción con outros países. Tamén se tratou a investigación da represión dende unha óptica de xénero, que nos últimos anos mellorou, pero onde aínda queda moito por facer; a pouca concienciación das administracións na eliminación da simbología franquista en Galicia, onde aínda quedan case un millar de elementos contrarios á Lei; ou os escollos que o Goberno da Xunta pon a todo o relativo a políticas de Memoria, chegando a negar a represión, nun continuo agravio ás vítimas.

As actuacións en pro da Memoria continuaron este luns 3 de febreiro, coa reunión que representantes da plataforma Iniciativa Galega pola Memoria, entre os que estaba Guillermo Pérez, mantiveron no Parlamento Galego con representantes do PSdeG-PSOE. Na xuntanza, na que estivo presente o secretario xeral dos socialistas, José Ramón Gómez Besteiro, os representantes da plataforma manifestaron a súa preocupación pola falta de interese da Xunta de Galicia no recoñecemento da Illa de San Simón e o Pazo de Meirás como lugares de Memoria, solicitude presentada pola plataforma e que foi aceptada positivamente polo Goberno, que o fará público e oficial no mes de agosto. Ante esta realidade, a Xunta de Galicia deci-



diu solicitar a transferencia da titularidade da Illa, declarando o seu interese como lugar turístico, algo que preocupa enormemente ao movemento memorialista, acostumado a ver celebracións musicais e incluso intentos de organizar samains no que fora campo de concentración e tortura, algo que sería impensable noutros países de clara conciencia democrática.

Igualmente, abordáronse temas como a situación actual do Pazo de Meirás, a falta de políticas de memoria e de axudas para as mesmas ou o recoñecemento como vítimas do Réxime franquista das internas do Patronato de Protección á Muller, unha institución que serviu de mecanismo represor durante a ditadura, para exercer un férreo control patriarcal sobre aquelas mozas que ousaran desafiar o modelo de "boa muller", castigando calquera conduta transgresora que cuestionara a estrita moral católica (rapazas lesbianas, violadas por familiares, fillas de rojos, desviadas...), e que eran xestionadas por ordes relixiosas.

UAA PRESENTA NO PARLAMENTO DE GALICIA A CAMPAÑA 'PREZO XUSTO, XA!' ÓS GRUPOS PARLAMENTARIOS

Redacción.- Nos próximos dous meses renóvanse o 90% dos contratos de leite en Galicia e o que pase nesta renovación vai condicionar todo o 2025 das nosas explotacións.

Galicia é a comunidade autónoma que máis leite produce, cun gran número de gandeiros que seguen apostando por vivir no rural, que coidan do medio ambiente e producen un produto de alta calidade. Sen embargo, cobran menos polo leite que o resto das comunidades: 4 céntimos menos que a media de España

Por isto, UAA fai un chamamento para que as industrias rematen xa con este diferencial no prezo do leite.

Neste contexto, UAA estivo esta semana no Parlamento de Galicia presentando a campaña 'Prezo xusto, XA!' ós grupos parlamenta-

res popular e socialista.

Con isto, pretenden trasladarlles ós políticos galegos a preocupación polo futuro do sector lácteo e reclamar un trato e un prezo xusto da industria para os produtores. Non se pode quedar no vagón de cola leiteiro porque Galicia é potencia.

As reclamacións que se fan nesta campaña son rematar co diferencial de prezo co resto do Estado, incorporar nos contratos índices de referencia obxectivos e acordados cos gandeiros e non usar o punto crioscópico como ferramenta de desconto.



O TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓNS DE GALICIA ACEPTA A IMPUGNACIÓN DE UGT Á LICITACIÓN DO CONCELLO DE OURENSE DO CONCURSO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE LIXO

O Sindicato denuncia que non se respecta a igualdade de xénero e que a partida de salarios é inferior ao gasto real

Redacción.- O Tribunal Administrativo de Contratacións de Galicia ven de aceptar a impugnación presentada por UGT á licitación do Concello de Ourense do concurso de limpeza e recollida de lixo, o que provocou a súa suspensión cautelar e o freo dun contrato de 160 millóns de euros, o máis caro dos que ten este Concello.

Esta impugnación ten a súa orixe no feito de que os pliegos non prevén a cuestión de xénero, a reserva dunha cuota de empregos para mulleres, e no feito de que a partida económica prevista para gastos de persoal é inferior á que tivo a concesionaria no 2024, o que podería traer consigo graves prexuízos para os traballadores e traballadoras.

700.000 euros menos

Así, a cantidade consignada para salarios en 2025 é inferior en 700.000 euros á que xa se abonou no 2024, así o explicou o secretario xeral de UGT Ourense, Valdeorras, Verín, Cristóbal Medeiros.



UGT PRESENTA UN INFORME QUE ANALIZA A REALIDADE DA XORNADA LABORAL EN ESPAÑA EN RELACIÓN COS SALARIOS POR SECTORES E PROVINCIAS

Este informe desmonta as teóricas dificultades e consecuencias negativas da redución da xornada ás 37.5 horas semanais



Redacción.- Desde a vicesecretaría xeral de Política Sindical de UGT levouse a cabo un estudo exhaustivo para analizar a xornada de traballo e os salarios en convenios colectivos sectoriais de ámbito autonómico e provincial en España.

Neste estudo, o sindicato analiza a xornada de traballo e os salarios pactados en convenios colectivos de ámbito provincial e de ámbito autonómico de varios sectores de actividade económica, como son a hostalería, o comercio en xeral, a industria do metal, o sector de oficinas e despachos, o comercio do metal, o sector do campo, o sector de salóns de peiteado, institutos de beleza e ximnasia e o sector de limpeza de edificios e locais.

Este informe desmonta as teóricas dificultades e consecuencias negativas da redución da xornada ás 37.5 horas semanais.

Así, entre as conclusións do informe, merece destacar varias. A diferenza anual entre unha xornada de 40 horas e unha de 37,5 é de 114 horas. Diferenzas similares estanse a dar a día de hoxe dentro dun mesmo sector entre provincias, incluso algunhas limítrofes ou dentro da mesma comunidade autónoma, do que se deduce que non hai sector

produtivo que non estea preparado para acometer a redución de xornada pactada entre Goberno e sindicatos.

En canto aos argumentos en contra utilizados segundo os tamaños das empresas, o informe aclara que un mesmo sector de actividade difire, entre provincias, nunha media de 100 horas de xornada. Ao ser convenios sectoriais afectan a todas as empresas do sector, independentemente do seu tamaño, polo que o número de traballadores non é un impedimento. Hai pemes nos diferentes sectores que, en función da súa localización xeográfica, xa están aplicando xornadas moi similares ás que figura no acordo de decembro sen que se teñan producido problemas.

A menos xornada tampouco significa que os salarios sexan máis baixos. De feito, no estudo compróbase que as xornadas provinciais máis baixas normalmente van acompañadas dos salarios máis altos no sector. Por exemplo, Navarra é a comunidade que ten nos convenios sectoriais analizados unha xornada máis curta e uns salarios máis altos. E isto non afecta negativamente á economía desta Comunidade, todo o contrario, Navarra ten un índice de desemprego 4 puntos inferior á media nacional e o seu volume de pequenas empresas é moi significativo, o 80,6% teñen dous

ou menos persoas asalariadas.

Así, pódese concluír que en zonas onde se da a conxunción dunha xornada laboral máis curta e uns salarios maiores isto non afecta nin a sectores, nin a pemes, nin ao emprego.

Esta mesma Comunidade tamén desminte o argumento de que unha xornada menor poida afectar á produtividade. Navarra ocupa o posto 129 entre as 242 rexións da UE dos 27 de acordo coa súa produtividade, sendo a segunda Comunidade Autónoma española mellor posicionada, só superada polo País Vasco. E obsérvase que as comunidades coas xornadas máis longas e salarios máis baixos son tamén as menos produtivas, como podería ser Murcia ou Estremadura.

E as mesmas conclusións poden trasladarse a nivel europeo. Irlanda é o país con maior nivel de produtividade, seguida de Luxemburgo, Dinamarca, Bélxica e Países Baixos. Todos eles, países con salarios por enriba da media, e superiores aos de España, e con medias de xornada tamén máis baixas. Segundo Eurostat, a xornada laboral media efectuada en Irlanda foi de 34,9 horas á semana e nos Países Baixos, de 30,9, ou as 33,3 de Dinamarca.

DEBE IMPULSARSE DE XEITO DECIDIDO A AXENDA NACIONAL PARA A PREVENCIÓN DO CANCRO DE ORIXE PROFESIONAL

No noso país falecen 8.700 homes e 850 mulleres ao ano debido a exposicións laborais a canceríxenos. A pesar disto, a declaración e recoñecemento como enfermidade profesional é ínfima

Redacción.- Segundo a Organización Internacional do Traballo xunto coa Organización Mundial da Saúde, dos 2,96 millóns de falecementos anuais, 2,6 millóns débense a enfermidades derivadas do traballo como, por exemplo: problemas circulatorios, cancro (27,5%) e enfermidades respiratorias. Os 330.000 restantes estarían causados por accidentes de traballo. A OMS indica que a exposición a substancias canceríxenas no traballo é a cuarta causa de cancro na sociedade, despois do tabaco, a dieta e o sedentarismo.

O cancro é a causa principal de mortalidade laboral na Unión Europea. Prodúcese ao redor dunhas 100.000 mortes laborais por cancro laboral ao ano, segundo os datos do Marco Estratéxico da UE en materia de SST 2021-2027. Para o caso da exposición ao amianto, cabe indicar que se estima que se cobra ao redor de 88.000 vidas ao ano en Europa.

No noso país, o cancro é a segunda causa de morte, despois das enfermidades do aparello circulatorio, entre a poboación xeral. En 2018, unha de cada tres mortes en homes e unha de cada cinco en mulleres debéronse a tumores malignos, o que supón máis da cuarta parte dos falecementos en España nese ano, segundo datos do Ministerio de Sanidade.

A pesar disto, a súa declaración e recoñecemento como enfermidade profesional é ínfima. En 2024, unicamente recoñecéronse 106 enfermidades profesionais causadas por axentes canceríxenos, das que 98 foron entre homes e 8 en mulleres, sendo 55 do total debidas ao amianto e 19 causadas pola exposición a po de sílice libre.

É importante incidir en que as condicións de traballo tamén inflúen na exposición a substancias canceríxenas. De feito, as persoas traballadoras de microempresas ou pequenas empresas (con menos de 50 traballadores) presentan 1,3 veces máis probabilidades de estar expostas a factores de risco de cancro que aquelas que prestan servizos en centros de traballo medianos ou grandes, segundo os resultados da Enquisa sobre a exposición das persoas traballadoras: Factores de risco de cancro no ámbito laboral en Europa (Enquisa WES).

Ademais, as persoas traballadoras que traballan a tempo parcial refiren menos exposicións múltiples que a media,

pola contra, a proporción de persoas traballadoras con exposicións múltiples aumentaba considerablemente no caso dos que traballaban máis de 50 horas á semana.

Desde UGT esiximos que as empresas cumpran coa normativa en prevención de riscos laborais.

Lembramos que a exposición laboral a axentes canceríxenos debe evitarse, substituíndo estas substancias por outras que non supoñan risco para a saúde. Se isto non fose posible, deberase avaliar, controlar e minimizar todo o posible a exposición laboral. Ademais, as empresas deben implantar medidas de protección, así como facilitar equipos de protección individual adecuados ao risco e á persoa que os debe usar.

A información e formación en materia preventiva resulta indispensable para que as persoas traballadoras coñezan os riscos e os procedementos seguros de traballo. Igualmente, a vixilancia periódica do estado de saúde é necesaria para coñecer en que medida existe afección á propia saúde daqueles que están expostos.

En canto ás medidas hixiénicas, destacar que as persoas traballadoras expostas a canceríxenos deberán dispoñer de lugares separados para gardar de maneira independente as roupas de traballo ou de protección ás roupas de vestir, así mesmo dispoñen de 10 minutos antes da comida e outros 10 minutos antes de abandonar o traballo para aseo persoal. Este tempo computa dentro da xornada laboral.

Doutra banda, resulta importante avanzar para conseguir que as persoas traballadoras enfermas de cancro ou que superaron un cancro retornen ao seu posto de traballo de forma segura, sen poñer en risco a súa seguridade e saúde, incluíndo os aspectos psicosociais. Para iso, desde UGT propoñemos que se negocien protocolos de retorno ao



posto de traballo entre a empresa e coa representación das persoas traballadoras. Estes protocolos deberán incluír medidas para flexibilizar o proceso da reincorporación evitando que sexa traumático.

É un feito que moitas das actuais enfermidades relacionadas co traballo teñen unha orixe multicausal e non exclusivo do traballo, como é o caso dos cancros e as enfermidades cardiovasculares. Debido a isto, moitas enfermidades que teñen unha orixe laboral non son consideradas como tales.

Por tanto, desde UGT propoñemos que se cambie o concepto legal de enfermidade profesional. É necesario modificar o concepto de enfermidade profesional para abrillo e que unha enfermidade considérese como profesional cando a causa prevalecente da mesma sexa o traballo, non sendo necesario que o traballo sexa a causa exclusiva como é actualmente.

Ademais, desde UGT propoñemos unha actualización da Listaxe de Enfermidades Profesionais Española e unha mellora no sistema de notificación e rexistro que permitan facer aflorar todas as enfermidades profesionais ocultas. Deberase prestar especial atención á revisión dos cancros de orixe profesional.

Por último, debe impulsarse de maneira decidida a Axenda Nacional para a Prevención do Cancro de orixe profesional acordada na Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027 cos obxectivos de adaptar os instrumentos normativos, impulsar programas de vixilancia e control do cumprimento da normativa, avanzar na mellora da acción preventiva, no diagnóstico precoz e na detección temperá.